

Estamento de Clubs:

- 1.- Círculo Ferrolano de Ajedrez
(Representa: D. Juan V. Rodríguez Rey).
- 2.- Club de Ajedrez Escola Padrón
(Representa: D. Antonio Espiñeira Cajaraville)
- 3.- Club de Ajedrez Recatelo
(Representa: D. Antonio Nieto Velado)
- 4.- Club de Iniciativas Deportivas Universitarias
(Representa: D. Daniel Codesido Sánchez)
- 5.- Club de Xadrez Laroca
(Representa: D. Jose Manuel Fernández Rodríguez).
- 6.- Club Xadrez Brétema
(Representa: D. Jesús Rodríguez Pérez)
- 7.- Club Xadrez das Mariñas
(Representa: D. Francisco Javier García Veiras)
- 8.- Club Xadrez Mos
(Representa: D. Brais Otero Nogueira)

Estamento de Deportistas:

- 9.- D. Ángel Francisco Vilas Fernández
- 10.- D. Jose M^a Dorado Reboredo.

Estamento de Adestradores:

- 11.- D. Pablo Castro Girona.

Estamento de Árbitros:

- 12.- D. Francisco Javier Ogando González

Membros da Xunta Directiva:

- 13.- D. Gaspar Pérez Carnero (Presidente)
- D^a. Raquel Calleja Modia (Secretaria)

En Vigo, sendo ás 17:30 horas do 18 de Decembro de 2021, en segunda convocatoria, e coa asistencia dos asembleístas citados na marxe, e cá presenza do Sr. Presidente da Federación Galega de Xadrez celébrase a Asemblea Xeral Extraordinaria da FEGAXA, coa seguinte

Orde do Día:

1. Orzamento 2022. Aprobación, se procede.
2. Proxecto e calendario deportivo competicións 2022. Aprobación, se procede.

Publicada previamente na páxina web da Federación (www.fegaxa.org), iniciase a mesma seguindo os puntos da orde do día.

Así mesmo, entrégase copia dos documentos aos asistentes.

Intervén como moderador D. Ángel Francisco Vilas Fernández (Vpte. FEGAXA).

1. Orzamento 2022. Aprobación, se procede.

Entrégase aos presentes o Orzamento 2022 actualizado atendendo ao convenio de colaboración 2022 cá Secretaría Xeral para o Deporte modificando a cuantía de ingresos por parte de esa entidade a 53.808,00 €.

Ao non haber dúbidas nin cuestión ao respecto, realízase a votación.

Apróbase por unanimidade.

Ver Anexo I.

2. Proxecto e calendario deportivo competicións 2022. Aprobación, se procede.

Atendendo ao orzamento aprobado, preséntase o proxecto deportivo e o calendario cás datas de celebración da actividade ordinaria para a tempada 2022.

No calendario elimináronse os ritmos de xogo dos Campionato Provinciais para que se organice unha ou dúas categorías/día (dependendo da participación) para evitar aglomeracións.

Na Liga Galega por equipos de Club, ao só haber ascensos e non descensos na tempada 2020,



os grupos estarán formados (se todos os equipos se inscriben) por un número superior que nas tempada anteriores, polo que se estruturaría cada división en máis grupos para xogar 7 roldas + unha rolda Play Off (8ª rolda) para determinar os ascensos e descensos de cada categoría e así estruturar correctamente a tempada 2023.

Os equipos que non se inscriban nesta tempada 2022, perderían a categoría.

D. Jose Manuel Fernández Rodríguez pregunta se vai ser obrigatorio a toma de temperatura antes do comezo do encontro.

O Sr. Presidente lembra que no protocolo aparece estipulado e recomendable.

D. Antonio Nieto Velado pregunta qué pasaría se un xogador da febre?

Automáticamente non debería de participar por ser un dos síntomas Covid, pero se presentase un test de antixenos negativo no momento, non habería problema.

D. Brais Otero Nogueira e D. Francisco Javier García Veiras propoñen que se sexa estricto cá normativa e cás condicións do local de xogo para evitar picarescas.

A idea da Federación Galega de Xadrez é realizar un resumo do Protocolo Físio-Covid publicado cás condicións mínimas que terán que cumprir os locais de xogo. Se houbera algún que non cumprira con esas condicións, sempre e cando o equipo visitante demostrara gráficamente as carencias; daríase por perdido o encontro ao equipo local.

D. Francisco Javier García Veiras tamén solicita á Federación que informe aos clubs da distribución provisional (sempre dependendo do número final de equipos inscritos por categoría) das diferentes divisións para que cada club sepa as condicións (ascensos e descensos) antes de inscribirse.

D. Antonio Nieto Velado, propón adiantar o comezo da liga para o 29 de Xaneiro de 2022 deixando a data da 5ª rolda (12/03/2022) libre para posibles encontros aprazados.

D. Francisco Javier García Veiras expón que o problema de adiantar o comezo da Liga son a celebración dos Campionatos Provinciais.

O resto dos asistentes, ante estas propostas, optan por manter o calendario como está.

D. Pablo Castro Girona pregunta sobre a distribución dos equipos nos diferentes grupos das divisións, xa que haberá grupos con 7 equipos e outros con 8.

D. Gaspar Pérez Carnero explica que a distribución dos equipos será xeográfica tal e como indica o regulamento Xeral de Competicións.

Por elo, D. Pablo Castro Girona propón sortear, antes de realizar os grupos cós equipos, qué grupos serían os de 8 equipos e cales os de 7 equipos. Se non sempre serían os grupos de Ourense os que quedarían con 7 equipos.

Non habendo máis dúbidas, pásase á votación para a aprobación do Proxecto e calendario deportivo 2022. Apróbase por unanimidade.

Ver Anexo 2 (Proxecto deportivo 2022) e Anexo 3 (Calendario Deportivo 2022).


Ao non haber nada máis que tratar, levántase a sesión ás 18:40 horas.



Dª Raquel Calleja Modia
Secretaría FEGAXA



Vº e praxe:



D. Gaspar Pérez Carnero
Presidente FEGAXA



Anexo I – Orzamento detallado por programas 2022

FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

ANO 2022

ORZAMENTO DETALLADO POR PROGRAMAS.		
GASTOS		ORZAMENTO
P.1.-	GASTOS XERAIS DE FUNCIONAMENTO.	33.400,00 €
1.-	Gastos de persoal.	25.800,00 €
1.1.	Persoal administrativo,Seguridade Social, IRPF.	20.000,00 €
1.2.	Asembleas,xuntas directivas,comisións delegadas e outras.	1.800,00 €
1.3.	Dietas de directivos,administrativos,técnicos e outros.	4.000,00 €
2.-	Gastos en bens correntes e servizos.	7.600,00 €
2.1.	Correos e mensaxería.	600,00 €
2.2.	Material de oficina.	1.200,00 €
2.3.	Xestións páxina web e programas informáticos.	300,00 €
2.4.	Telefono e internet.	800,00 €
2.5.	Gastos de asesoría.	1.800,00 €
2.6.	Gastos financeiros.	100,00 €
2.7.	Primas de seguros.	1.000,00 €
2.8.	Gastos de auditoría.	0,00 €
2.9.	Outros gastos.	1.800,00 €
P.2.-	ACTIVIDADE DEPORTIVA ORDINARIA.	90.200,00 €
1.	Campionatos galegos Sub-14,Sub-18.	6.000,00 €
2.	Campionatos galegos Sub-8, Sub-10,Sub,12,Sub-16,absolutos.	16.000,00 €
3.	Campionato Galego Individual Xadrez Rapido.	2.000,00 €
4.	Campionato Galego Individual Xadrez Relampago.	2.000,00 €
5.	Campionatos Provinciais.	2.900,00 €
6.	Liga Galega,programas de xestion deportiva.	26.000,00 €
7.	Copas Galicia de clubs.	3.500,00 €
8.	Circuito Galego Escolar de Promocion.	1.500,00 €
9.	Circuito Internacional Galego.	7.000,00 €
10.	Participación deportistas nos Campionatos Internacionais.	1.000,00 €
11.	Participación deportistas nos Campionatos de España.	9.500,00 €
12.	Participación dos clubs nos Campionatos de España.	1.500,00 €
13.	Participación das Seleccións galegas.	500,00 €
14.	Outras actividades.	500,00 €
15.	Adestramentos por internet.	7.500,00 €
16.	Concentracións deportivas.	800,00 €
17.	Outras actividades, fomento e promoción deportiva.	500,00 €
18.	Cursos de Arbitros.	500,00 €
19.	Cursos de Monitores-Adestradores.	500,00 €
20.	Seminario de Arbitros e Adestradores.	500,00 €
21.	Outros Cursos.	0,00 €
P.3.-	CAMPIONATO DE ESPAÑA DE SELECCIÓNES CSD.	4.750,00 €
1.	Campionatos de España de Seleccións Sub-14, Sub-16.	4.750,00 €
P.6.-	OUTROS PROXECTOS DE ESPECIAL RELEVANCIA.	0,00 €
GASTOS TOTAIS :		128.350,00 €

INGRESOS		ORZAMENTO
1.	Secretaría Xeral para o Deporte	53.808,00 €
2.	Licencias individuais e cuotas de entidades Federadas	54.000,00 €
3.	Cuotas de inscrición a Cursos e outros.	8.000,00 €
4.	Campionatos e torneos.	12.000,00 €
5.	Outros ingresos.	542,00 €
INGRESOS TOTAIS :		128.350,00 €



Anexo II – Proxecto deportivo 2022.

**XUNTA
DE GALICIA****DEPORTE
GALEGO****FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ****PROXECTO DEPORTIVO**

-

2022**P.2.- ACTIVIDADE DEPORTIVA ORDINARIA.**

1. Campionatos galegos Sub-14, Sub-18.
2. Campionatos galegos Sub-8, Sub-10, Sub-12, Sub-16, absolutos.
3. Campionato Galego Individual Xadrez Rápido.
4. Campionato Galego Individual Xadrez Relámpago.
5. Campionatos Provinciais.
6. Liga Galega.
7. Copas Galicia de clubs.
8. XV Circuito Galego Escolar de Promocion.
9. XXXIII Circuito Internacional Galego.
10. Participación deportistas nos Campionatos Internacionais.
11. Participación deportistas nos Campionatos de España.
12. Participación dos clubs nos Campionatos de España.
13. Adestramentos por internet.
14. Concentracións deportivas.
15. Cursos de Arbitros.
16. Cursos de Monitores-Adestradores.
17. Seminarios de Arbitros e Adestradores.
18. Outras actividades y torneos..

P.3.- ACTIVIDADE DEPORTIVA ORDINARIA.

1. Participación das Seleccións galegas Sub-14, Sub-16 (Cto.España CSD).



Anexo III – Calendario Deportivo 2022



**CALENDARIO DEPORTIVO TEMPADA 2022
FEDERACION GALEGA DE XADREZ**

CAMPIONATOS PROVINCIAIS:

CATEGORIA	RITMO MÍNIMO	DATAS:	CATEGORIA	RITMO MÍNIMO	DATAS:
Absoluto		Entre : 22/01/2022 - 13/02/2022	Sub-14		Entre : 22/01/2022 - 13/02/2022
Sub-18			Sub-12		
Sub-16			Sub-8 / 10		

CAMPIONATOS GALEGOS :

CAMPIONATO GALEGO SUB-14 E SUB-18	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	17:00 h.	26-02-22	Sábado
1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	10:00 h.	4ª rolda	17:00 h.	27-02-22	Domingo
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	17:00 h.	28-02-22	Luns
	7ª rolda	09:30 h.	8ª rolda	16:00 h.	01-03-22	Martes

CAMPIONATO GALEGO SUB-8	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	12:00 h.	26-02-22	Sábado
30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	16:00 h.	4ª rolda	18:30 h.	26-02-22	Sábado
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	12:00 h.	27-02-22	Domingo
	7ª rolda	16:00 h.	8ª rolda	18:30 h.	27-02-22	Domingo

CAMPIONATO GALEGO SUB-10	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	16:00 h.	09-04-22	Sábado
60 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	18:30 h.			09-04-22	Sábado
	4ª rolda	10:00 h.	5ª rolda	16:00 h.	10-04-22	Domingo
	6ª rolda	18:30 h.			10-04-22	Domingo
	7ª rolda	10:00 h.	8ª rolda	16:00 h.	11-04-22	Luns

CAMPIONATO GALEGO SUB-12	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	16:00 h.	09-04-22	Sábado
60 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	18:30 h.			09-04-22	Sábado
	4ª rolda	10:00 h.	5ª rolda	16:00 h.	10-04-22	Domingo
	6ª rolda	18:30 h.			10-04-22	Domingo
	7ª rolda	10:00 h.	8ª rolda	16:00 h.	11-04-22	Luns

CAMPIONATO GALEGO SUB-16	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	17:00 h.	13-04-22	Mércores
1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	10:00 h.	4ª rolda	17:00 h.	14-04-22	Xoves
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	17:00 h.	15-04-22	Venres
	7ª rolda	09:00 h.	8ª rolda	16:00 h.	16-04-22	Sábado

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO, FEMININO, VETERANOS	1ª rolda	09:30 h.	13-04-22	Mércores
1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	2ª rolda	16:00 h.	13-04-22	Mércores
	3ª rolda	09:30 h.	14-04-22	Xoves
	4ª rolda	16:00 h.	14-04-22	Xoves
	5ª rolda	09:30 h.	15-04-22	Venres
	6ª rolda	16:00 h.	15-04-22	Venres
	7ª rolda	09:30 h.	16-04-22	Sábado
Posibilidade de aumentar/suprimir algunha rolda según nº de inscritos.	8ª rolda	16:00 h.	16-04-22	Sábado
Si o nº de inscritos nos campionatos feminino e veterano non e igual ou superior a 20, xogarán integrados no campionato absoluto.				

LIGA GALEGA POR EQUIPOS:

LIGA GALEGA	ROLDAS	DATAS	Descanso do 26/02/22 ao 01/03/22 (Entroido) e do 09/04/22 ao 17/04/22 (Semana Santa).-	6ª	19/03/2022
90 min. + 30 seg/xogada en División de Honra. 1ª División. 2ª División e 3ª Div.	1ª	05/02/2022	Hora comenzo: 17:00 h.-	7ª	26/03/2022
	2ª	12/02/2022		8ª	02/04/2022
	3ª	19/02/2022		9ª	23/04/2022
	4ª	05/03/2022		10ª	30/04/2022
	5ª	12/03/2022		11ª	07/05/2022

COPA GALICIA POR EQUIPOS:	21 e 22 de Maio	Cadete / Absoluta
----------------------------------	-----------------	-------------------

CAMPIONATOS GALEGOS RAPIDAS E LÓSTREGO: 07 e 08 de Maio.

XXXIII CIRCUITO GALEGO DE XADREZ: Meses de xuño, xullo, agosto e setembro.

XV CIRCUITO GALEGO DE PROMOCIÓN: Meses de abril a novembro.

